

TRANSCRICIÓN DE CONTOS DO XESTAL

Xohán Xabier Baldomir Cabanas.

Distribuído por Culturagalega.org

- Vella*: Vaia, home, vaia! E logho cando viñeches da América?.
- Celidonio*: Pues, recién cheghé onte.
- Vella*: E ti debeches facer aló moitos cartos, que sempre fuches moi aforradoriño.
- Celidonio*: ¡Buah! Allá el que traballa ghana. No es como aquí que andades con el ghando por entre los togos, y con los zocos enghalfañados por la buesta en los currales.
- Vella*: Tes razón, santiño, tes razón. Bénio o Dios que te criou. Pois verás, ho, tuvemos eu e mais Pepa botándolle onte á noite a conta, e poida que estuveses aló tres anos.
- Celidonio*: ¡Pero que esperanza, che!
- Vella*: Non foi con Esperanza que foi con Pepa. Esperanza iba na ihorta buscar as verzas pró caldo.
- Celidonio*: ¡Vaya, vaya! ¿Y vos por acá?
- Vella*: Coma sempre, santiño: feitos uns escraviños, para andar aínda mal amañados, e aínda comer malamente tamén. Ghracias a esos cartiños que nos dan agora do suisidio, que si non estabamos perdidíños de vez... Vaia, home, vaia! E logho aghora a onde vas, si non é moita a preghunta?
- Celidonio*: Aghora me voy a ir hasta la tabierna, que me están aghuardando los amighos, que me van a invitar a tomar una cunca de vino del Ribiero.

(Fragmento de: “Unha vella ruxumeira”, en *Cuentos Gallegos*, 1967)

- Capitán médico*: Buenas tardes, joven.
- Mozo*: Mui boas nos dea Dios, señor.
- Capitán médico*: ¿Como se llama usted?
- Mozo*: Chámome José Loureiro, señor.
- Capitán médico*: ¿Y usted no estuvo por la mañana a reconocimiento médico en el hospital militar?
- Mozo*: Estuven, si señor.
- Capitán médico*: ¿Y usted no era ciego?
- Mozo*: Son, si señor.
- Capitán médico*: Hombre, pues tiene muchísima gracia. De modo que usted ciego, viendo en las últimas filas en el cine.
- Mozo*: No cine?! E logho este non é coche que vai pra Carral?

(Fragmento de: “O recruta cego”, en *Cuentos Gallegos*, 1967)

- Coxo*: Non me dará unha limosniña, devotiños, pola almiña dos seus difuntiños? Que inda nunca pan lle falte!
- Home*: Non levo nada, señor. Non levo nada suelto. Cando volva da misa xa lle darei algo.
- Coxo*: E non me dará lume, señor, que me esqueceron os mistos na casa...
- Home*: Si, home. Non faltaba máis. Tome.
- Coxo*: Que Dios llo pague, señor: que inda lume nunca lle falte nin neste mundo nin no outro!

(Fragmento de: “Trato a cegas”, en *Contos que Van prá a Feira*, 1980)

Queridos amigos que escoitades esta gravación: o conto que vou a contar ten un fondo real que hoxe, afortunadamente, non existe. Hoxe os galegos temos conciencia da nosa terra, do noso idioma e de todo canto nos rodea. Resulta que antes, os galegos, sobre todo os da vida rural, tiñannos acomplexados, e tan reprimidos na nosa lingua e en todo o que se refire á nosa terra que por forza tiñan que avergonzarse de ser galegos, e cando salían da aldea trataban de falar o

castellano ou de falar o que fora para que non os reprimiran ou para que non se risen deles. Entón creouse unha mentalidade de avergonzarse de ser galego.

(Exordio a “O descastado”, n’*Os Contos Populares Galegos de O Xestal*, 1984)